



XV CERTAME DE POESÍA ANTÓN ZAPATA

Coa intención de continuar promovendo e difundindo a vertente cultural poética e especialmente, a figura do poeta local Antón Zapata García, O DEPARTAMENTO DE CULTURA deste concello pretende darlle continuidade á mencionada iniciativa cultural convocando a DÉCIMA QUINTA EDICIÓN DESTE CERTAME DE POESÍA, con arranxo ás seguintes

BASES REGULADORAS

Primeira: PARTICIPANTES e CATEGORÍAS.

- 1. Poderá participar no certame calquera persoa que así o desexe, podendo presentar un máximo de 2 poemas por categoría.**
- 2. As categorías de participación están estruturadas en función da idade do/as autores e autoras, e son as seguintes:**
 - a) CATEGORÍA INFANTIL: ata os 11 anos**
 - b) CATEGORÍA XUVENIL: dos 12 ós 25 anos**
 - c) CATEGORÍA ADULTA: a partir dos 26 anos.**

Segunda: REQUISITOS DOS POEMAS.

- 1. Formato: cada poema que se presente ó certame, DEBERÁ ter un TÍTULO e será ASINADO CUN PSEUDÓNIMO elixido libremente por cada persoa participante. Admitiranse dúas formas de presentación: escrito/s a man con letra lexible, ou en formato dixital PDF, , sempre EN FORMATO de PAPEL DIN A4.**
- 2. TEMÁTICA: é totalmente libre, sempre e cando non se empreguen termos ofensivos ou que impliquen calquera vulneración dos dereitos fundamentais.**
- 3. EXTENSIÓN: contarán cun mínimo de 20 e cun máximo de 100 versos.**
- 4. IDIOMA: de maneira preferente, escribíranse en lingua galega conforme á normativa vixente, aínda que tamén se admitirá a súa presentación en lingua castelá.**
- 5. En todo caso, deben ser ORIXINAIS e INÉDITOS. No caso de que se comprobe que o poema é un plaxio, o Concello de Laxe retiraráo inmediatamente do Certame, podendo incluso, con posterioridade retirar o premio outorgado.**

Non poderán concurrir textos que xa foran premiados en edicións anteriores ou poemas que teñan algún compromiso de publicación con algunha editorial.

Terceira: REMISIÓN DE POEMAS E PRAZOS.

- 1. Os poemas remitiranse de maneira preferente, DE FORMA TELEMÁTICA, a través da sede electrónica municipal, ou por correo postal dirixido ó Departamento de Cultura do Concello de Laxe: Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26, 15117, Laxe (A Coruña). En caso de remitilos por correo, este envío deberá de comunicarse obrigatoriamente por correo electrónico dirixido a cultura@concelloodelaxe.com ou poñéndose en contacto telefónico co Departamento de Cultura do Concello de Laxe. De maneira secundaria, tamén se admitirá a entrega presencial na Casa do Concello en horario de 09.00 a 13.00 horas.**
- 2. PRAZOS: o prazo de presentación das obras comezará a partir do día seguinte ó da publicación das bases na web municipal, é dicir, o sábado 17 de xullo. A DATA LÍMITE PARA O ENVÍO/ENTREGA destes, será o MÉRCORES 18 DE AGOSTO ás 13.00 horas.**

Non se admitirán ó certame, aqueles poemas recibidos fóra desta data, coa excepción daqueles que cheguen por correo postal, sempre e cando, no sobre de envío, figure a data na que se entregou nas oficinas de correos, e esta sexa anterior ó xa mencionado 18 de agosto.

Cuarta.- REQUISITOS DO ENVÍO para ser admitidos:

- 1. No caso do ENVÍO TELEMÁTICO deberá empregarse o procedemento de “solicitude xeral” da sede electrónica municipal e lembramos que para dito trámite é preciso que a persoa que realice o envío teña certificado dixital ou similar. Neste caso, xunto coa instancia de solicitude, deberán achegarse en formato .pdf o/s poema/s.**
- 2. No caso de ENTREGA PRESENCIAL OU ENVÍO POR CORREO POSTAL, os poemas e datos persoais deberán remitir e/ou entregarse en sobre DIN A3. Neste sobre de envío, deberá indicarse o seguinte:**
 - o No espazo reservado ó remitente, indicarse en letras maiúsculas “XV CERTAME DE POESÍA ANTÓN ZAPATA” e a categoría á que se presenta (infantil, xuvenil ou adulta). Por último, escribírase o pseudónimo ou “falso nome” elixido polo autor ou autora do/s poema/s, non debendo aparecer en ningún caso o nome real do/a escritor/a.**



- **Xunto co/s poema/s e o sobre, deberá entregarse ou remitirse unha “INSTANCIA DE SOLICITUDE XERAL” do CONCELLO DE LAXE**, na que deberán indicar: os DATOS DA PERSOA SOLICITANTE E PARTICIPANTE no certame, e na que fagan constar o seu desexo de participar no XV Certame de Poesía Antón Zapata García, sinalando, en todo caso, o/s título/s do/s poema/s presentado/s e o pseudónimo cos que este/s virá/n asinado/s. Esta instancia pode ser descargada tanto da sede electrónica municipal ou ben solicitada nas Oficinas Xerais da Casa do Concello de maneira presencial.

Quinta.- DO XURADO:

- 1. O Departamento instructor** do procedemento será a **Concellería de Comercio, Hostalaría, Turismo e Cultura do Concello de Laxe**.
- 2. O xurado** estará formado por **3 persoas traballadoras do Concello de Laxe vinculadas ó Departamento de Cultura**, encargadas de elixir por votación individual, dous posibles poemas gañadores para cada unha das categorías do certame.
- 3. A RESOLUCIÓN DO XURADO** será secreta e dela extenderase a acta correspondente pola Concelleira de Comercio, Hostalaría, Turismo e Cultura do Concello de Laxe, que exercerá de secretaria.
- 4. O fallo do xurado é inapelable**, e, en todo momento, prevalecerá o seu criterio sobre calquera outro. Sempre e cando ningún dos poemas presentados non reúnan un mínimo de estándares de calidade, non se remitan dentro de prazo establecido, ou non respeten os requisitos sinalados nestas bases, o xurado **poderá declarar deserto o premio en calquera das categorías**.

Sexta.- CRITERIOS DE VALORACIÓN:

- O xurado realizará a avaliación das obras presentadas, atendendo, como mínimo ós seguintes criterios:
 - a) a calidade artística e técnica, tendo en conta a riqueza expresiva da linguaxe, a coherencia no desenvolvemento desta e a comprensión do fío condutor,
 - b) o interese literario da obra e a súa contribución ao patrimonio cultural lingüístico do noso concello,
 - c) a vinculación e inspiración nas temáticas tratadas polo autor homenaxeado no Certame, Antón Zapata, e
 - d) de maneira complementaria, valorarase a ilustración do texto creativo.

Sétima.- RESOLUCIÓN DO CERTAME E PUBLICIDADE:

- A decisión do xurado **farase pública o sábado 28 de agosto durante a celebración do XV Solpor Poético na contorna da Igrexa de Sta. María da Atalaia** a partir das 20.30 horas.
- Con posterioridade á celebración de dito acto, o nome e apelidos das persoas gañadoras, así como as obras premiadas poderán ser publicadas tanto na páxina web municipal, así como nas redes sociais e demais medios de difusión coas que conta o Concello de Laxe.

Oitava.- PREMIO:

A cada unha das persoas gañadoras, ademais de outorgarlles un DIPLOMA E AGASALLO INSTITUCIONAL que acredite a súa condición de gañador/a, **FARÁLLES ENTREGA DUN LOTE DE MATERIAIS VINCULADOS Á LECTURA**, elixidos especificamente para cada persoa gañadora, **POR VALOR ESTIMADO DE 100 € cada un dos 3 premios outorgados.**

Os premios serán entregados no acto público do sábado 28 de agosto deste 2021, ó que deberán comparecer as persoas gañadoras e, no seu defecto, representante que designen.

Novena.- DATOS PERSOAIS E DEREITOS DE IMAXE:

1. Os datos persoais das persoas participantes serán empregados, unicamente, coa finalidade de xestionar e executar este certame. O/s nome/s e apelidos da/s persoa/s gañadora/s, así como a fotografía da persoa no momento da recollida e entrega do premio do concurso, faranse públicos para o seu xeral coñecemento tanto ós medios de comunicación locais como a través dos medios de comunicación social dependentes do Concello de Laxe.

Consonte ao disposto na Lei e o Regulamento xeral de protección de datos 679/2016 DOUE, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Laxe relacionados con este certame, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa participación no certame. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

2. As obras que se presenten ó certame, pasarán a formar parte do arquivo literario do Concello de Laxe e enriquecerán o patrimonio cultural municipal. Este concello resérvase o dereito de exposición, reprodución e publicación de ditas obras sin que medie ánimo de lucro e sen que poidan ser obxecto de compravenda. En ningún caso serán esixibles dereitos de autor por parte do escritor ou escritora da obra.

Décima.- En todo o non previsto nestas bases, unha Comisión, formada pola alcaldía, a Concellería de Cultura, Comercio, Hostalaría e Turismo e as 3 persoas designadas que sexan desigadas como xurado, será a que decida.

Undécima.- A PARTICIPACIÓN no certame, implica a TOTAL ACEPTACIÓN DAS BASES.